

PROTOCOLO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO PRESENCIAIS NA ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN | CURSO 2020/21

Protocolo baseado nas medidas coñecidas e publicadas polas autoridades sanitarias e educativas, relativas á prevención fronte ao COVID 19, que ten como obxectivo que as probas de acceso á ESADg 2020/21, poidan realizarse dunha forma segura.

1. ACCESO AO CENTRO EDUCATIVO

1.a) Cada persoa aspirante ás probas de acceso teredes unha hora concreta de chegada ao centro, que poderedes consultar días antes na páxina web da escola.

1.b) As persoas aspirantes accederedes á ESADg pola súa porta de entrada principal, mentres que a saída do centro realizarase por unha porta habilitada para tal efecto.

1.c) Para acceder ao espazo onde terán lugar as probas, o percorrido estará indicado por medio de carteis e sinais no chan, sen que poidades desviarvos do percorrido deseñado.

2. ACCESO AOS ESPAZOS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO

2.a) A ESADg facilitará un lugar previo ao espazo onde se realizará a proba de acceso, para uso particular, que será previamente desinfectado antes das súa ocupación. Neste espazo non poderá deixarse ningún obxecto ou prenda de vestir, xa que non poderedes acceder de novo a el ao rematar a vosa proba.

2.b) As persoas aspirantes entraredes individualmente ao espazo destinado á realización das probas de acceso, no que coincidiredes un máximo catro aspirantes. Neste espazo, realizarase unha limpeza antes de acceder a el, e nel manteranse as distancias de seguridade (dous metros mínimo). O uso de obxectos para o desenvolvemento das probas será mínimo. Os obxectos ou mobiliario propiedade da ESADg serán desinfectados antes de cada proba.

3. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO

3.a) As probas de acceso desenvolveranse na Sala Pedra Seixa da ESADg, espazo que conta cunhas dimensións que fan posible manter folgadoamente as correctas distancias de seguridade.

3.b) As probas de acceso realizaranse cun máximo de catro aspirantes, para preservar a saúde de todas as persoas que participedes nas probas.

3.c) Cada persoa accederedes á sala desde o espazo habilitado para a agarda, e previo aviso do persoal da ESADg.

3.d) As persoas aspirantes estaredes situadas no palco da sala, no lugar exacto que vos indiquen, mentres que o tribunal (cinco persoas), ocupará o patio de butacas; en canto ao persoal de limpeza, este ocupara un dos camerinos dos que dispón a Sala.

3.e) Os membros do tribunal darán as indicacións precisas para o desenvolvemento da proba, desde o espazo que ocupen no patio de butacas.

3.f) As persoas aspirantes non poderedes facer cambios de vestimenta durante as probas, polo que deberedes traer composto da vosa casa o vestiario indicado polo tribunal.

3.g) Non será recomendable acceder á sala con libretas ou outros obxectos de papel.

4. MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS DURANTE A REALIZACIÓN DAS PROBAS

4.a) As persoas que accedan ao centro sempre deben facelo con máscara, e deberán mantela durante o tempo que utilicen os espazos comúns (salvo no momento de realización das probas).

4.b) O centro contará con dispensadores de xel hidroalcohólico, panos de papel e contedores hixiénicos na entrada ao centro, nos espazos onde se desenvolverán as probas, e nas saídas habilitadas ao finalizar as probas. Ademais as entradas ao centro e os espazos onde se realizarán as probas, contarán con alfombras hixiénicas onde limpar as solas dos zapatos.

4.c) A Sala Pedra Seixa, onde se realizarán as probas de acceso, e a sala habilitada como espazo de agarda, estarán continuamente ventiladas.

4.d) A ESADg instalará no escenario un punto de limpeza e hixiene para un seguro desenvolvemento das probas de acceso.